DOG Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 186 | Venres, 29 de setembro de 2023 | Páx. 55024

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

## INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 18 de setembro de 2023 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e dos préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento dos proxectos de investimento empresarial, e se convocan en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG408A).*

O Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa xuntanza do 31 de maio de 2023, acordou por unanimidade dos membros asistentes aprobar as bases reguladoras das axudas susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e dos préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento dos proxectos de investimento empresarial, e facultou o director xeral para a súa convocatoria, a aprobación dos créditos e a publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar as bases reguladoras das axudas susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e dos préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento dos proxectos de investimento empresarial, e realizar a súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG408A).

As axudas da presente convocatoria son susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, que ten unha taxa de cofinanciamento do Feder do 60 %, e computa como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible das persoas beneficiarias polo 40 % restante. En particular:

Obxectivo político 1. Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Obxectivo específico 1.3. O reforzo do crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.

Liña de actuación 1.3.01. Apoio financeiro a proxectos de investimento empresarial, especialmente das pemes, para promover o crecemento sustentable, a competitividade e a creación e o mantemento do emprego.

Campo de intervención TI0021. Desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos.

Os indicadores correspondentes a estas axudas son os seguintes:

a) Indicadores de realización:

RCO01-Empresas apoiadas.

RCO02-Empresas apoiadas a través de subvencións.

b) Indicador de resultado:

RCR02-Investimentos privados que acompañan o apoio público.

O financiamento da parte reembolsable dos préstamos farase con cargo a fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. O prazo de presentación de solicitudes da axuda e, de ser o caso, préstamo comezará ás 8.00 horas do día seguinte á publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e finalizará ás 14.00 horas do día 31 de outubro de 2023, agás que antes desa data se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Terceiro. O crédito dispoñible para concesións nesta convocatoria aboarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e polos seguintes importes e distribución plurianual:

| Partida orzamentaria | Liña | Ano 2023 | Ano 2024 | Ano 2025 | Ano 2026 |
|---|---|---|---|---|---|
| 05.A1.741A.7700 | Axudas aos proxectos de investimento empresarial xerais | 150.000 € | 500.000 € | 1.500.000 € | 850.000 € |
| | Axudas aos proxectos de investimento en equipamento produtivo | 150.000 € | 500.000 € | 1.500.000 € | 850.000 € |

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhhswjlo5

| Partida orzamentaria | Liña | Ano 2023 | Ano 2024 | Ano 2025 | Ano 2026 |
|---|---|---|---|---|---|
| 05.A1.741A.7700 | Axudas en forma de parte non reembolsable dos préstamos | 300.000 € | 1.000.000 € | 1.000.000 € | 100.000 € |
| 05.A1.741A.8310 | Préstamos parcialmente reembolsables, parte reembolsable | 750.000 € | 2.500.000 € | 2.500.000 € | 250.000 € |

No caso de esgotamento do crédito dunha das liñas da partida orzamentaria 05.A1.741A.7700, poderá incrementarse co remanente da outra, se o houber, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape publicada para o efecto.

De igual xeito, no caso de esgotamento dalgunha das liñas da partida orzamentaria 05.A1.741A.8310 (ben a da presente convocatoria ou a da convocatoria da liña de préstamos directos para o financiamento empresarial), incrementarase co remanente da outra, se o houber, mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do Igape publicada para o efecto.

Así mesmo, a persoa titular da Dirección Xeral do Igape poderá ampliar os créditos, logo da declaración da súa dispoñibilidade, como consecuencia das circunstancias establecidas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

Cuarto. Prazos de duración do procedemento, de execución do proxecto e para solicitar o cobramento:

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de 5 meses desde a data de presentación de solicitude da axuda e, se é o caso, de préstamo. Transcorrido este, poderase entender desestimada por silencio administrativo.

O prazo de execución dos proxectos rematará na data establecida na resolución de concesión, sen que nunca poida exceder o 31 de marzo de 2026.

A beneficiaria deberá presentar a xustificación e solicitude de cobramento da axuda ou, se é o caso, de liquidación da parte non reembolsable do préstamo dentro do prazo dun mes a partir da data de fin da execución do proxecto fixada na resolución de concesión. Para estes efectos:

– Imputaranse á anualidade 2023 os gastos dos proxectos cuxo prazo de execución, de xustificación e de solicitude de cobramento ou liquidación remate ata o 30 de novembro de 2023, así como os tramos non reembolsables dos préstamos que sexan dispostos no exercicio 2023. Os gastos exectuados a partir do 1 de decembro de 2023 poderán imputarse con cargo á xustificación da anualidade 2024.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

– Imputaranse á anualidade 2024 os gastos dos proxectos cuxo prazo de execución, de xustificación e de solicitude de cobramento ou liquidación remate ata o 30 de setembro de 2024, así coma os tramos non reembosables dos préstamos que sexan dispostos no exercicio 2024. Os gastos exectuados a partir do 1 de outubro de 2024 poderán imputarse con cargo á xustificación da anualidade 2025.

– Imputaranse á anualidade 2025 os gastos dos proxectos cuxo prazo de execución, de xustificación e de solicitude de cobramento ou liquidación remate ata o 30 de setembro de 2025, así como os tramos non reembosables dos préstamos que sexan dispostos no exercicio 2025. Os gastos exectuados a partir do 1 de outubro de 2025 poderán imputarse con cargo á xustificación da anualidade 2026.

– Imputaranse á anualidade 2026 os gastos dos proxectos cuxo prazo de execución, de xustificación e de solicitude de cobramento ou liquidación remate ata o 30 de abril de 2026.

O prazo para solicitar a disposición do préstamo determinarase na resolución de concesión para cada caso, e non poderá superar o 31 de marzo de 2026. O tramo non reembolsable terá a consideración de pagamento anticipado de subvención.

Quinto. Unha vez pechada a convocatoria, abrirase un rexistro de presolicitudes, que permanecerá aberto ata a apertura da seguinte convocatoria. As solicitudes de inscrición neste rexistro deberán conter todos os datos relativos ao proxecto de investimento e non poderán ser modificadas –agás actualización de importes– nin serán obxecto de revisión nin de requirimento de emenda, pero poderán rexeitarse se non conteñen datos suficientes para identificar o proxecto.

Unha vez aberta a seguinte convocatoria, para as solicitudes que opten daquela á concesión das axudas, terase en conta a data de presentación da presolicitude no rexistro en relación exclusivamente co efecto incentivador e sempre que se trate do mesmo proxecto. A inscrición no rexistro de presolicitudes non dará lugar a ningunha outra preferencia nin vantaxe na valoración da solicitude posterior.

Sexto. De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*. A cesión de datos de carácter persoal que debe efectuarse á Intervención Xeral da Administración do Estado para os

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

efectos de publicar as subvencións concedidas na Base de datos nacional de subvencións non requirirá o consentimento do/da beneficiario/a.

Sétimo. Os requisitos das letras c), e), f), h), i), k), l), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007), indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2023

Covadonga Toca Carús
Directora do Instituto Galego de Promoción Económica

**Bases reguladoras das axudas susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 e dos préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento dos proxectos de investimento empresarial**

O Igape, en cumprimento das súas funcións, desempeña un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúen a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da Comunidade galega.

O obxecto das axudas e dos préstamos regulados nestas bases é o de estimular a posta en marcha de proxectos de investimento empresarial en Galicia, coa finalidade principal de dinamizar a actividade económica na Comunidade Autónoma e potenciar o mantemento e creación de emprego, así como a innovación, a través do desenvolvemento e mellora das empresas existentes, e coa creación e posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

Esta liña de axudas, que ten como obxectivo estimular e apoiar o investimento empresarial privado, está aliñada co Plan estratéxico de Galicia 22-30, eixe 3: Competitividade e crecemento, prioridade de actuación 3.3: Impulsar o crecemento e competitividade das pemes, a transición industrial e o emprendemento, obxectivo estratéxico 3.3.1: Impulsar a creación de novas empresas, a consolidación e crecemento das existentes, a súa internacionalización e fomentar decididamente o espírito emprendedor. Garantir o cumprimento das condicións de seguridade das instalacións no que atinxe á seguridade industrial e de equipamentos industriais e a defensa das persoas consumidoras e usuarias, protexendo a seguridade, a saúde e os seus lexítimos intereses económicos. Así mesmo, alíñase co reto 2: Modelo industrial baseado na competitividade e no coñecemento da Estratexia de especialización intelixente de Galicia RIS3 21-27.



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Para alcanzar este obxectivo, o Instituto Galego de Promoción Económica entende que as ditas medidas de estímulo deben coordinarse coas xa implementadas polo Estado mediante a Lei 50/1985, do 27 de decembro, de incentivos rexionais, e o seu regulamento vixente, polo que se delimita a zona de promoción económica de Galicia.

Os apoios diríxense ás pequenas e medianas empresas pola súa función decisiva na creación de emprego e por constituír un factor de estabilidade social e de desenvolvemento económico, así como polas especiais dificultades para acceder ao capital e ao financiamento.

Por outra banda, respectando a horizontalidade, as axudas focalízanse nos sectores industriais ou vinculados á industria, con maior capacidade de xerar valor engadido e de provocar un efecto tractor sobre o resto de actividades.

Como novidade, admítese que as solicitudes presentadas á convocatoria de 2022 que non puidesen ser avaliadas por esgotamento do crédito e reiteren a mesma solicitude de proxecto na presente convocatoria 2023 manterían a data da solicitude inicial como referencia para o efecto incentivador da axuda e unicamente para este efecto. A nova solicitude terá a orde de prelación que lle corresponda na nova convocatoria, segundo a data de presentación.

Así mesmo, establécese por primeira vez un rexistro de presolicitudes, que estará aberto durante o período que vai desde o peche do prazo de solicitudes ata a apertura do seguinte, coa finalidade de que os/as solicitantes inscriban o proxecto de investimento para o cal solicitarán a axuda na seguinte convocatoria. Deste xeito, preténdese favorecer a axilidade na execución dos proxectos salvagardando o cumprimento do principio de efecto incentivador.

Con carácter xeral, as presentes bases ampáranse no Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado CE.

Segundo o establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, exclúese o réxime de concorrencia competitiva no procedemento de concesión das axudas. As subvencións e, se é o caso, préstamos outorgaránselles a aqueles solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases ata o esgotamento dos créditos habilitados, o que, de ser o caso, se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhhswjlo5

Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial de promover calquera proxecto de investimento empresarial que, cumprindo os requisitos especificados nas presentes bases, se poida levar adiante en Galicia. Así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que os proxectos subvencionables e, se é o caso, financiables poidan ser atendidos en todo momento, ao manter a posibilidade de solicitude aberta de xeito continuo.

A estas bases reguladoras resúltalles de aplicación o principio de «non causar un prexuízo significativo ao ambiente» (DNSH, polas súas siglas en inglés); isto é, ningunha das actuacións promovidas nestas bases incide negativamente en ningún dos seis obxectivos ambientais recollidos no artigo 17 do Regulamento (UE) 2020/852: mitigación do cambio climático, adaptación ao cambio climático, uso sostible e protección dos recursos hídricos e mariños, economía circular, prevención e control da contaminación e protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.

En aplicación do disposto na Lei 18/2022, de creación e crecemento de empresas, que modifica o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, nestas bases incorpórase a obriga para as empresas de cumprir os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para poder ser beneficiarias de subvencións de importe superior a 30.000 euros.

En aplicación do disposto no artigo 84 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, na redacción dada pola Lei 3/2022, do 18 de outubro, de áreas empresariais de Galicia, valoraranse cun 2 % os proxectos de investimento empresarial xeral que se desenvolvan nun concello emprendedor, que poden consultarse aquí:

https://economia.xunta.gal/recursos/temas-de-interese/-/topic/0109/concellos-emprendedores

## *Sección 1ª. Obxecto, procedemento, persoas beneficiarias, actividades, proxectos e conceptos subvencionables e requisitos da solicitude*

### Artigo 1. *Obxecto, modalidades e tipoloxías de proxectos obxecto de apoio*

1. Constitúe o obxecto das presentes bases reguladoras a concesión de axudas ou de préstamos parcialmente reembolsables para o financiamento de proxectos de investimento empresarial das seguintes modalidades:

I.1. Proxectos de investimento empresarial xerais.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

I.2. Proxectos de investimento en equipamento produtivo.

No anexo I das presentes bases desenvólvense, nun cadro de especificacións, os requisitos, condicións e características de cada unha destas modalidades.

2. Tipoloxías de proxectos obxecto de apoio.

Os proxectos de investimento obxecto de apoio deberán responder a algunha das tipoloxías de proxecto subvencionables establecidas no punto A.1) do cadro de especificacións, para cada unha das modalidades incluídas no anexo I.

Así mesmo, deberán cumprir os requisitos específicos establecidos no anexo I para cada tipoloxía de cada modalidade de proxecto.

3. Dimensión do proxecto de investimento e acumulación de solicitudes:

O importe do investimento subvencionable dos proxectos para os cales se solicita a axuda ou o préstamo deberá estar incluído dentro dos límites indicados para cada modalidade do anexo I.

Para a solicitude de préstamos parcialmente reembolsables requírese un investimento mínimo subvencionable de 500.000 €.

No caso de que o investimento subvencionable dunha solicitude, determinado logo do cumprimento dos demais requisitos establecidos nas presentes bases, supere o límite máximo fixado no punto A.3) da liña I.1 ou no punto A.2) da liña I.2 para cada modalidade de proxecto do anexo I, para os efectos da concesión, axustarase o investimento subvencionable a esa contía máxima.

Con carácter xeral, as pemes interesadas só poderán presentar unha única solicitude de axuda nesta convocatoria. De se presentar máis de unha, arquivaranse automaticamente as rexistradas despois da primeira, agás desistencia expresa doutras por parte da persoa solicitante.

No caso de que a peme conte con máis dunha localización de instalacións en Galicia, poderá presentar ata dúas solicitudes, sempre que os proxectos se dirixan a dúas localizacións distintas.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

Unha vez presentadas, as solicitudes non poderán modificarse co fin de adaptarse aos requisitos para obter as axudas nin para evitar atender os requirimentos de emenda de documentación, de ser o caso. Só se admitirán modificacións relativas á localización, redución de elementos de investimento e á actualización do importe dos investimentos.

Artigo 2. *Procedemento*

1. O procedemento de concesión destas subvencións e préstamos tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva.

2. Non se poderán outorgar subvencións ou préstamos por contía superior á que se determine na presente convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito, a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007).

3. As axudas previstas nestas bases incardínanse no artigo 14 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior (DOUE L 187, do 26 de xuño).

4. A presente convocatoria é susceptible de ser cofinanciada no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, que ten unha taxa de cofinanciamento do Feder do 60 %, computa como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible dos beneficiarios polo 40 % restante. En particular:

Obxectivo político 1: unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións.

Obxectivo específico 1.3: o reforzo do crecemento sustentable e a competitividade das pemes e a creación de emprego nestas, tamén mediante investimentos produtivos.

Liña de actuación 1.3.01: apoio financeiro a proxectos de investimento empresarial, especialmente das pemes, para promover o crecemento sustentable, a competitividade e a creación e o mantemento do emprego.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

Campo de intervención TI0021: desenvolvemento empresarial e internacionalización das pemes, incluídos os investimentos produtivos.

Os indicadores do programa Galicia Feder 2021-2027 correspondentes a estas axudas son os seguintes:

a) Indicadores de realización:

RCO01-Empresas apoiadas.

RCO02-Empresas apoiadas a través de subvencións.

b) Indicador de resultado:

RCR02-Investimentos privados que acompañan o apoio público.

Artigo 3. *Concorrencia con outras axudas ou subvencións públicas*

1. Estas axudas e préstamos son incompatibles con outras axudas ou subvencións públicas para os mesmos investimentos subvencionables.

2. A obtención doutras axudas ou subvencións para o mesmo proxecto deberá comunicárselle ao Igape tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa das accións realizadas. Antes de conceder e pagar a axuda, deberá constar no expediente unha declaración sobre calquera axuda recibida para este mesmo proxecto. O incumprimento do disposto neste artigo considerarase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

Artigo 4. *Persoas beneficiarias*

1. Poderán ser persoas beneficiarias destas axudas e préstamos as pequenas e medianas empresas (en diante, pemes) que proxecten levar a cabo un investimento nun centro de traballo localizado na Comunidade Autónoma de Galicia, considerado subvencionable ao abeiro do regulado nas presentes bases.

2. Para os efectos das presentes bases, consideraranse pemes as empresas que, na data da solicitude, respondan á definición de peme establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, calquera que sexa a súa forma xurídica, polo que


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

tamén poderán acceder á condición de persoa beneficiaria as persoas físicas, as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, as actividades ou os comportamentos ou estean na situación que motiva a concesión da subvención.

No caso das agrupacións, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes cumpridos para cumprir as obrigas que, coma beneficiaria, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007.

3. Non poderán ter a condición de persoas beneficiarias:

a) As empresas que propoñan un proxecto para unha actividade pertencente a un sector excluído segundo o disposto no artigo 5.2 das presentes bases.

b) As empresas que sexan prestadoras dos mesmos ou similares servizos ou subministradoras dos mesmos ou similares equipos para os cales solicitan a axuda.

c) As empresas que estean suxeitas a unha orde de recuperación de axudas como consecuencia dunha decisión da Comisión Europea.

d) As empresas en crise, de acordo coa definición establecida no número 18 do artigo 2 do Regulamento (UE) 651/2014.

e) As empresas nas cales concorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007 ou incumpran as obrigas do artigo 11 da citada lei.

f) As empresas que incumpran os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 euros, cando os solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004. Esta circunstancia acreditarase por parte das sociedades de acordo co indicado no anexo XII destas bases.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

4. O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas beneficiarias non incorren en ningunha das circunstancias enumeradas no número 18 do artigo 2 do Regulamento (UE) 651/2014.

Artigo 5. *Actividades subvencionables*

1. Serán subvencionables os investimentos proxectados para o desenvolvemento das actividades relacionadas, para cada modalidade do anexo I, na letra B) do cadro de especificacións.

2. De acordo coa norma que dá cobertura ás presentes bases, o Regulamento xeral de exención por categorías (Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión), exclúense as seguintes actividades:

a) A produción e comercialización agrícola primaria, as actividades do sector do aceiro, do lignito e do carbón, do sector do transporte, así como as infraestruturas conexas, a produción, almacenamento, transporte e distribución de enerxía e as infraestruturas enerxética e o sector da banda larga.

b) As recollidas no ámbito de aplicación do Regulamento (UE) 1379/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, se modifican os regulamentos (CE) nº 1184/2006 e (CE) nº 1224/2009 do Consello e se derroga o Regulamento (CE) nº 104/2000 do Consello.

Artigo 6. *Investimento subvencionable*

1. Serán subvencionables os investimentos en activos fixos, materiais ou inmateriais, que estean vinculados ao proxecto para o cal se solicita a axuda ou o préstamo, e que se materialicen nos conceptos e cos requisitos que se relacionan para cada modalidade do anexo I, na letra C) do cadro de especificacións.

2. Os activos adquiridos deberán ser novos, excepto para a adquisición de construcións ou inmobles nos casos e cos requisitos en que así se prevexa expresamente na letra C) do cadro de especificacións do anexo I, ou para a adquisición de activos dun establecemento, coas condicións seguintes:

– A adquisición de activos pertencentes a un establecemento que pechou ou que pecharía se non se adquirise será subvencionable sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que os activos sexan adquiridos a un terceiro non relacionado co comprador;

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhhswjlo5


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

b) que conste unha declaración do vendedor sobre a orixe dos bens e sobre que estes non foron obxecto de ningunha subvención ou axuda pública, e

c) que o prezo non sexa superior ao valor de mercado de referencia nin ao custo dos bens novos similares, aspectos que se acreditarán mediante certificación de taxador independente.

– Cando se adquiran os activos dun establecemento nestas condicións, non será preciso achegar as tres ofertas exixidas no punto 7 do artigo 7 destas bases.

– Cando un membro da familia do/da propietario/a inicial ou un/unha empregado/a se faga cargo dunha pequena empresa para continuar coa actividade, non se aplicará a condición de que os activos deban ser adquiridos a terceiros non relacionados co comprador. A mera adquisición das accións dunha empresa non constituirá un investimento.

3. Os bens obxecto de investimento deberán ser adquiridos en propiedade pola persoa beneficiaria, e admitirase, como excepción e de xeito expreso, a obra civil en terreos sobre os cales exista un dereito de superficie ou unha concesión administrativa e/ou as reformas de instalacións en inmobles alugados, nos casos en que así se prevexa na letra C) do cadro de especificacións do anexo I. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes deberán pasar a ser de propiedade plena da persoa beneficiaria antes do remate do prazo de execución do proxecto; neste momento deberá constar o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas.

4. Os bens obxecto de investimento deberán ser adquiridos a terceiros. Os provedores non poderán estar asociados nin vinculados coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores, e entenderase que existe vinculación se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 43.2 do decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos números 2 e 3, respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) 651/2014.

5. Quedan excluídos dos investimentos subvencionables:

a) Os investimentos de reposición ou mera substitución de elementos, salvo que a nova adquisición corresponda a elementos distintos dos anteriores, ben pola tecnoloxía usada ou polo seu incremento de rendemento manifesto, que estean vinculados coa tipoloxía do proxecto subvencionable.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

b) Os custos de traslado de bens de equipamento que xa sexan propiedade da empresa.

c) Os custos de adaptacións á normativa vixente, salvo as directamente relacionadas cos elementos obxecto de investimento.

d) A adquisición das instalacións nas cales a solicitante viña desenvolvendo a súa actividade en réxime de alugueiro ou dereito de uso de calquera tipo.

Artigo 7. *Condicións dos proxectos*

1. Os proxectos deberán ter un investimento mínimo subvencionable de 25.000 € para os proxectos da modalidade I.2 e de 50.000 € para a modalidade I.1 recollidas no anexo I destas bases, e máximo de 900.000 €. En ningún caso se considerará o IVE como concepto subvencionable.

2. As persoas solicitantes que acometan un proxecto cun investimento subvencionable igual ou superior a 500.000 € poderán solicitar o préstamo parcialmente reembolsable regulado na sección 3ª destas mesmas bases.

3. A persoa beneficiaria deberá realizar unha achega financeira mínima do 25 % dos custos subvencionables, mediante os seus propios recursos ou mediante financiamento externo, exenta de calquera tipo de axuda pública.

Non se consideran exentos de apoio público, entre outros, os préstamos bonificados, os préstamos de valores ou capital públicos, as participacións públicas que non cumpran o principio de investidor nunha economía de mercado, as garantías estatais que conteñan elementos de axuda ou o apoio público outorgado dentro do ámbito da norma *de minimis*.

4. A axuda solicitada debe supoñer un efecto incentivador para o proxecto presentado. Existe efecto incentivador cando a axuda cambia o comportamento da empresa de modo que esta non emprendería o proxecto obxecto de solicitude sen a axuda, ou que só o emprendería dunha maneira limitada ou diferente. A axuda non debe subvencionar os custos dunha actuación en que a empresa incorrería en calquera caso.

Para tal efecto, antes de iniciar o proxecto, a persoa solicitante deberá ter presentado a solicitude da axuda e, se é o caso, de préstamo. Non se poderá incorrer en ningún dos custos alegados sobre os cales se solicita subvención e, se é o caso, préstamo con carácter previo á solicitude; de ser así, a totalidade do proxecto será considerado non subvencionable, de acordo coa exixencia de efecto incentivador previsto no artigo 6 do Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión.



XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Considérase que o proxecto xa foi iniciado cando exista un primeiro compromiso en firme para a execución das obras ou para a adquisición dalgún dos elementos integrantes do proxecto, entenderase por proxecto calquera dos investimentos comprendidos na solicitude da axuda. Neste sentido, considérase que existe compromiso en firme no caso da existencia dun contrato ou oferta asinado entre as partes, ou da existencia dun pedido, para calquera dos elementos subvencionables.

Para estes efectos, determinados traballos preparatorios, como a obtención de permisos ou a realización de estudos previos de viabilidade, non se consideran inicio dos traballos.

5. O período de execución dos investimentos subvencionables denomínase prazo de execución do proxecto e abranguerá desde a data de presentación da solicitude ata a data de remate do prazo establecido na resolución de concesión. Con carácter xeral, rematará dentro dos 18 meses seguintes á data de notificación da resolución de concesión para os proxectos de investimento empresarial xeral, e dentro dos 9 meses seguintes á data de notificación da resolución de concesión para os proxectos de investimento en equipamento produtivo, sen que poida exceder a data establecida para o efecto na resolución de convocatoria. Calquera investimento realizado fóra deste período non será subvencionable.

6. Non obstante o indicado nos puntos 4 e 5 anteriores, as solicitudes que se presentasen á convocatoria do ano 2022 e que non puideron ser avaliadas por esgotamento do crédito poderán reiterarse nesta convocatoria, e terase en conta a data de presentación da solicitude no ano 2022 exclusivamente para a consideración do efecto incentivador e sempre que o proxecto para o cal se presente a solicitude sexa o mesmo. A nova solicitude terá que cumprir cos requirimentos destas bases reguladoras e a súa reiteración non dará lugar a ningunha outra preferencia nin vantaxe na valoración, e avaliarase cando lle corresponda segundo a data de presentación.

7. Cando o importe do investimento subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (importe igual ou superior a 15.000 € no caso de prestación do servizo ou adquisición do ben e importe igual ou superior a 40.000 € no caso de execución de obra, no momento de publicar estas bases), a beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación da execución da obra, da prestación do servizo ou da adquisición do ben, excepto que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de provedores que os realicen, presten ou subministren.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

No caso de adquisicións de edificacións ou construcións novas ou usadas, non será preciso achegar as tres ofertas, senón que deberá xuntarse un informe de taxación subscrito por sociedade de taxación homologada. Exceptúase tamén deste requisito a adquisición de activos dun establecemento regulada no artigo 6.2 destas bases.

As tres ofertas ou orzamentos de provedores deberán reunir, como mínimo, os seguintes requisitos:

a) Comparabilidade: deberán referise á mesma tipoloxía de elemento obxecto de investimento, con prestacións similares e conter conceptos análogos e comparables e co detalle suficiente para a súa comparación.

b) Non vinculación: os provedores das tres ofertas non poderán ser vinculados entre si nin coa empresa solicitante. Para estes efectos, enténdese que existe vinculación se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e o artigo 43.2 do decreto que desenvolve a citada lei; así mesmo, tomarase en consideración a definición de empresas asociadas ou de empresas vinculadas establecida nos números 2 e 3, respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) 651/2014.

c) Identificación do ofertante e do destinatario: deberán conter a razón social, o domicilio e o número ou código de identificación fiscal. Excepcionalmente, poderán admitirse ofertas ou orzamentos en que se omita algún dos elementos identificativos do emisor ou do destinatario cando, ao criterio dos servizos técnicos do Igape, se considere que están clara e inequivocamente identificados o ofertante e o destinatario.

d) Data e validez: todas as ofertas deberán mostrar unha data de emisión e un prazo de validez. As ofertas non poderán ter un prazo de validez vencido na data de presentación da solicitude.

Non serán admisibles as ofertas emitidas por provedores que non desenvolvan no mercado a actividade de subministración do ben ou servizo ou que semellen de compracencia (contido e formato idénticos ou extremadamente similares entre ofertas, erros idénticos ou aparencia non habitual, entre outros).

Con carácter xeral, será subvencionable o importe correspondente á oferta de menor prezo de entre as comparables. Excepcionalmente, cando a persoa solicitante non escolla a oferta de menor prezo, poderá considerarse subvencionable o importe da oferta elixida

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

cando acredite que se trata da oferta economicamente máis vantaxosa tras a valoración de diferentes criterios adicionais ao prezo.

8. En ningún caso o custo de adquisición dos investimentos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

9. Todos os elementos do investimento proxectados deberán estar vinculados e responder á tipoloxía de proxecto para a cal se solicita a axuda. Non serán subvencionables os elementos non relacionados ou que non contribúan á dita tipoloxía.

10. Os proxectos deberán estar vinculados ás actividades subvencionables establecidas nas presentes bases reguladoras.

Cando un ou varios elementos integrantes do proxecto estea ou estean vencellados a máis dunha actividade da empresa e unha ou máis non fosen subvencionables, para os efectos de determinar o investimento subvencionable considerarase exclusivamente o importe proporcional á vinculación do elemento en cuestión á actividade subvencionable para a cal se propón o proxecto. Nestes casos:

a) Se o concepto de investimento é obra civil, construción ou reforma, ou adquisición de edificacións, e están claramente diferenciados os metros cadrados asignados a cada actividade, para os efectos de determinar o investimento subvencionable deste concepto aplicarase a proporción de metros cadrados correspondentes á actividade subvencionable.

b) Se o concepto de investimento é obra civil, construción ou reforma, ou adquisición de edificacións, e non están claramente diferenciados os metros cadrados ou corresponden a zonas comúns, considerarase subvencionable o importe do investimento proporcional á porcentaxe de facturación da empresa, actual ou prevista, que supoña a actividade subvencionable nese establecemento.

c) Para os restantes elementos integrantes do proxecto de uso non exclusivo para a actividade subvencionable, considerarase subvencionable o importe do investimento proporcional á porcentaxe de facturación da empresa que supoña a actividade subvencionable nese establecemento, actual ou prevista.

11. Os proxectos deberán esta vinculados a un único establecemento por solicitude e a un único titular. Non serán subvencionables os investimentos que vaian ser utilizados por empresas distintas á solicitante ou noutros establecementos.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhhswjlo5

12. Non serán subvencionables os proxectos de investimento vinculados a un contrato de xestión de servizos públicos.

Artigo 8. *Forma e lugar de presentación das solicitudes*

1. Só poderá presentarse unha única solicitude en toda a convocatoria, e deberase escoller entre a liña de axudas a investimentos xerais, axudas ao investimento en equipamento produtivo ou préstamo parcialmente reembolsable. No caso de que a peme conte con máis dunha localización de instalacións en Galicia, poderá presentar ata dúas solicitudes, sempre que os proxectos se dirixan a dúas localizacións distintas.

Para presentar a solicitude, a entidade solicitante deberá cubrir previamente un formulario electrónico descritivo das circunstancias da persoa solicitante e do proxecto para o cal solicita a subvención, a través da aplicación establecida no enderezo da internet https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual. Deberá cubrir necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda.

2. No devandito formulario, a persoa representante deberá realizar as seguintes declaracións relativas á entidade solicitante:

a) Que asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicarlle ao órgano xestor os casos de sospeita de fraude.

b) Que cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións, así como a normativa vixente sobre accesibilidade de persoas con discapacidade.

c) Que non pode ser considerada unha empresa en crise conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014.

d) Que ten capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o cal se solicita a axuda.

e) Que cumpre cos criterios de definición de peme, segundo a definición establecida no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de calquera dato ou información que se incorpore a esta declaración de peme, ou na documentación que fose requirida para acreditala, dará lugar á perda do dereito á cobranza e, de ser o caso, ao reintegro da subvención percibida, polo que constitúe unha infracción moi grave, tal e como establece o artigo 56.a) da Lei 9/2007. As sancións que se poderán impoñer son as seguintes:

1º. Multa pecuniaria proporcional do dobre ao triplo da cantidade indebidamente obtida.

2º. Cando o importe do prexuízo económica correspondente á infracción exceda os 30.000 euros, concorrendo algunha das circunstancias previstas nas letras b) e c) do número 1 do artigo 58 da Lei 9/2007, os infractores poderán ser sancionados, ademais:

i. Coa perda durante un prazo de ata cinco anos da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas e avais da Administración ou outros entes públicos.

ii. Coa prohibición durante un prazo de ata cinco anos para subscribir contratos coa Administración ou outros entes públicos.

iii. Coa perda durante o prazo de ata cinco anos da posibilidade de actuar como entidade colaboradora.

O Igape realizará as comprobacións documentais necesarias para garantir que as empresas para as cales se propón a concesión da axuda teñen a condición de peme.

f) Que non iniciou os investimentos e que non existe acordo irrevogable para realizar o proxecto.

g) Que manterá un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.

h) Que conservará os libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhhswjlo5

i) Que terá unha permanencia mínima ininterrompida na actividade e manterá as infraestruturas e equipamentos subvencionados destinadas ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención durante o período de 5 ou 3 anos, segundo o establecido no artigo 30.1.a) das bases reguladoras.

j) Que os provedores non están asociados nin vinculados coa empresa solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores; enténdese que existe vinculación se se dan as circunstancias previstas no artigo 27.7 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 43.2 do decreto que desenvolve a citada lei. Así mesmo, tomarase en consideración a definición de «empresas asociadas» ou de «empresas vinculadas» establecida nos números 2 e 3, respectivamente, do artigo 3 do anexo I do Regulamento (UE) 651/2014.

k) Que cumpre os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 euros, cando os solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

f) Cumprir os requisitos de comunicación do financiamento público do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e o Feder, segundo o establecido no anexo X.

g) Comprometerse a evitar os impactos negativos significativos no ambiente na execución das actuacións, respectando o principio de «non causar prexuízo significativo» (principio *do no significant harm*-DNSH), no sentido establecido no artigo 9.4 do RDC.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

h) No caso de proxectos que requiran a realización de obra civil durante a execución do proxecto, deberanse cumprir as seguintes condicións específicas:

Polo menos o 70 % (en peso) dos residuos de construción e demolición non perigosos (excluíndo o material natural mencionado na categoría 17 05 04 da Listaxe europea de residuos establecida pola Decisión 2000/532EC) xerados na execución da obra prepararase para a súa reutilización, reciclaxe e recuperación doutros materiais, incluídas as operacións de recheo utilizando residuos para substituír outros materiais, de acordo coa xerarquía de residuos e o Protocolo de xestión de residuos de construción e demolición da UE.

Para a execución da actuación non se utilizará amianto nin substancias moi preocupantes identificadas a partir da Listaxe de substancias suxeitas a autorización que figura no anexo XIV do Regulamento (CE) 1907/2006.

Acreditar a realización da análise da defensa contra o cambio climático en todas as fases do ciclo do proxecto de infraestrutura, desde a planificación inicial, de acordo co establecido no artigo 73.2.j) do Regulamento (UE) 2021/1060, tendo en conta as Orientacións técnicas sobre a defensa contra o cambio climático das infraestruturas para o período 2021-2027 (Comunicación da Comisión 2021/C 373/01, DOUE 16.9.2021) e as instrucións que desenvolva para o efecto a autoridade de xestión dos programas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2021-2027.

i) Reintegrar os fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007.

j) No caso de non ser quen de realizar o proxecto para o cal se concedeu a axuda, comunicar a renuncia ao expediente solicitado no momento en que se produza a certeza da non execución e, en todo caso, sempre con anterioridade ao vencemento do prazo de execución concedido para o proxecto.

k) Todo isto sen prexuízo das demais obrigas que resulten do artigo 11 da Lei 9/2007.

2. Adicionalmente, no caso de formalización de préstamo, é obriga da persoa beneficiaria prestameira reintegrar anticipadamente a operación financeira, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

Artigo 31. *Xustificación da actuación subvencionable*

1. Para os efectos do presente artigo e cando exista préstamo concedido, as referencias a «solicitude de cobramento» entenderanse feitas a «solicitude de liquidación».

2. Para a xustificación da actuación subvencionable que fundamenta a concesión da subvención e, se é o caso, do préstamo, e para a solicitude de cobramento, a persoa beneficiaria, dentro do prazo establecido na resolución de convocatoria, deberá cubrir previamente o formulario electrónico de liquidación a través da aplicación establecida no enderezo da internet https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual. Deberán completarse necesariamente todos os campos establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente a solicitude de cobramento. O dito formulario conterá os requisitos establecidos no artigo 48 do Decreto 11/2009 para a presentación da conta xustificativa, incluíndo unha relación detallada dos outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada.

3. A persoa beneficiaria deberá presentar a xustificación e solicitude de cobramento mediante o formulario normalizado (anexo III), que se obterá de xeito obrigatorio na aplicación informática https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia https://sede.xunta.gal. Será obrigatoria a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas cales este sexa erróneo (sexa porque ten un formato errado ou porque non foi xerado pola aplicación informática) poderán dar lugar á resolución de perda de dereito ao cobramento da axuda no caso de non seren corrixidas, logo requirimento formulado para tal fin.

4. Unha vez xerada a solicitude de cobramento na aplicación informática, a persoa beneficiaria deberá presentala obrigatoriamente por vía electrónica.

5. No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou se a xustificación fose incorrecta, requirirase a persoa beneficiaria para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días hábiles. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a beneficiaria das sancións que, conforme a lei, correspondan. A xustificación cumprirá, en todo caso, os requisitos establecidos nos artigos 28 e 30 da devandita Lei 9/2007.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

6. Xunto coa solicitude de cobramento, a persoa beneficiaria da axuda presentará documentación relacionada para cada modalidade do anexo I na letra F) do cadro de especificacións.

O Igape poderá solicitar as aclaracións pertinentes á documentación presentada.

A persoa beneficiaria tamén deberá cubrir, na ficha resumo de facturas do formulario de liquidación, os seguintes datos relativos á contabilidade nos cales se reflictan os custos subvencionados para acreditar a obriga establecida no artigo 30.1.d): data do asento e número de conta contable, xunto cunha declaración responsable da persoa beneficiaria de que estes datos reflicten a realidade contable da operación subvencionada.

A persoa beneficiaria deberá presentar a documentación xustificativa obrigatoriamente por vía electrónica.

A persoa beneficiaria responsabilizarase da veracidade dos documentos que presente. A achega das copias dixitalizadas implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

7. En todos os casos, as persoas beneficiarias deberán estar ao día nas súas obrigas coa Facenda pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social. No caso de que a persoa beneficiaria se opoña á consulta ou non preste o consentimento expreso, deberá achegar as certificacións xunto co resto da documentación xustificativa.

8. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda e, se é o caso, préstamo poderá ser motivo de resolución de perda do dereito ao cobramento da axuda, que, se é o caso, poderá supor a modificación ou revogación da concesión e o reintegro, total ou parcial, das cantidades previamente aboadas.

9. O Igape poderá aceptar variacións nos diversos conceptos de investimento aprobados, coa dobre condición de que a oscilación, en máis ou menos, non supere o 20 % de

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

cada concepto e que, no seu conxunto, non varíe o importe total do investimento aprobado nin da axuda concedida, nin desvirtúe as características do proxecto e condicións que fosen tidas en conta para resolver a concesión.

Artigo 32. *Aboamento ou liquidación das axudas*

1. O aboamento ou a liquidación da axuda, segundo proceda, realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización e o pagamento do proxecto e o cumprimento das condicións dentro do prazo establecido na resolución de concesión.

Os órganos competentes do Igape poderán solicitar as aclaracións, orixinais da documentación ou informes relativos á xustificación do proxecto que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que a persoa beneficiaria os presentase, o Igape ditará a resolución de perda do dereito ao cobramento da axuda.

2. No caso de concesión de subvención exclusivamente, aboarase esta logo de realización dos trámites indicados no punto anterior.

O réxime de pagamento deberá cumprir o establecido no artigo 31 da Lei 9/2007 e no título IV do seu regulamento.

3. No caso de préstamos parcialmente reembolsables, consideraranse cumpridas as condicións da subvención cobrada anticipadamente, logo de realizar os trámites indicados no punto 1 anterior, e reducirase a débeda á que resulte vixente no tramo reembolsable, así como a base que se considerará para o cálculo e liquidación dos xuros.

No caso de que a persoa beneficiaria xa non fose a titular do devandito préstamo ou de que o importe da subvención para liquidar exceda o saldo vivo do préstamo, aboarase a subvención na contía resultante da diferenza entre a subvención para liquidar e o saldo vivo do préstamo.

Artigo 33. *Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, da liquidación, total ou parcial, da subvención, no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007 ou o disposto na restante normativa aplicable, o que dará lugar, se é o caso, á obriga de reintegrar total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento ou liquidación da subvención, e para facer efectivo o reintegro a que se refire o punto anterior, será o establecido no título II da Lei 9/2007.

3. Procederá a perda total do dereito ao cobramento ou liquidación da axuda concedida, sen prexuízo da incoación do oportuno expediente sancionador, nos seguintes casos:

a) Obter a subvención sen reunir as condicións requiridas.

b) Non xustificar ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

c) O incumprimento da normativa en materia de prazos a provedores.

d) Non permitir someterse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os distintos órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Para tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación se conserven durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se lle efectúe o último pagamento á persoa beneficiaria (artigo 82 RDC).

e) Non acreditar estar ao día nas obrigas fiscais, coa Seguridade Social e coa Comunidade Autónoma.

f) Incumprir a obriga de achegar para o proxecto de investimento unha contribución financeira exenta de calquera tipo de axuda pública de, polo menos, un 25 % dos custos subvencionables, sexa mediante recursos propios ou mediante financiamento externo.

g) Cando, como consecuencia do incumprimento, o investimento subvencionable quede por debaixo do mínimo establecido para cada modalidade do anexo I, no punto A.3) da liña I.1 ou no punto A.2) da liña I.2 do cadro de especificacións, ou supere os criterios para a determinación de incumprimento parcial establecidos no punto 4 deste artigo.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

h) Non comunicarlle ao Igape a obtención doutras subvencións e axudas que financien as actividades subvencionadas.

i) Non dar publicidade do financiamento do proxecto, de acordo co establecido no artigo 30.1.f) destas bases.

j) Non comunicarlle ao Igape a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

k) Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder.

l) Incumprimento das condicións específicas definidas no artigo 30.1.h) destas bases, no caso de proxectos que requiran a realización de obra civil.

4. Perda parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tidos en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos subvencionables deixados de efectuar ou aplicados a outros distintos dos considerados subvencionables. Se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 50 % da base subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

No caso de condicións referidas ao mantemento e creación de emprego, na data de finalización do prazo de execución do proxecto fixado na resolución de concesión ou na data de presentación da solicitude de cobramento, se esta fose anterior, o incumprimento suporá a perda dos puntos porcentuais concedidos ao emprego non mantido ou non creado no período.



XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

5. No período de mantemento dos investimentos e do emprego, en casos en que se aplique o previsto no artigo 30.1 destas bases reguladoras, procederá a incoación dun procedemento de reintegro nos supostos e co alcance que se indican a seguir:

a) Non manter os investimentos ou os arrendamentos obxecto da subvención durante o período establecido suporá o reintegro da subvención correspondente ao activo non mantido, de forma proporcional ao período en que se incumprise este requisito.

b) No que se refire ao mantemento do emprego no período posterior á data de execución do proxecto, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente atendendo á media de emprego non mantido durante o período e aplicándolle a mesma ponderación outorgada na resolución de concesión nunha porcentaxe equivalente ao tempo non cumprido.

c) Non manter a publicidade do financiamento do proxecto, de acordo co establecido no artigo 30.1.f) destas bases, durante o periodo de mantemento posterior a execución suporá o reintegro dun máximo do 3 % da subvención concedida.

Artigo 34. *Amortización anticipada obrigatoria e resolución do contrato de financiamento*

1. O incumprimento total ou parcial, determinado de acordo co previsto no artigo anterior, dará lugar á declaración de incumprimento, total ou parcial, segundo corresponda, das condicións de concesión do préstamo.

2. O Igape poderá resolver o contrato de financiamento e declarará vencido anticipadamente o seu crédito cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

a) Declaración de incumprimento total de condicións nos supostos recollidos no artigo anterior.

b) A falta de pagamento pola prestameira de principal e xuros do préstamo por importe equivalente a tres cotas trimestrais.

c) A inexistencia, inexactitude substancial ou falsidade de información facilitada pola prestameira na solicitude de préstamo que fose determinante para a súa aprobación.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhhswjlo5

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

3. A prestameira quedará obrigada ao pagamento das obrigas procedentes do contrato no termo de cinco días naturais, contados desde a data da notificación da resolución. Se a prestameira incumprise a obriga de pagamento no prazo antes sinalado, poderá o Igape, desde o día seguinte, sen máis aviso nin dilixencia e en calquera tempo, reclamar xudicialmente o importe que ao seu favor acredite polo contrato, tanto por capital como por xuros, gastos e tributos, así como executar as garantías pactadas, tendo en conta que desde o momento da notificación todas as débedas quedan vencidas e son exixibles.

4. O Igape poderá modificar o calendario de amortización do préstamo e declarará vencida anticipadamente parte do principal cando se produza o incumprimento parcial de condicións. O importe do préstamo reducirase proporcionalmente ao grao de incumprimento.

*Sección 5ª. Réxime sancionador, fiscalización e control, comprobacións, transparencia e bo goberno e remisión normativa*

Artigo 35. *Réxime sancionador*

Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007.

Artigo 36. *Fiscalización e control*

As persoas beneficiarias destas subvencións e dos préstamos regulados nestas bases someteranse ás actuacións de comprobación e/ou de control financeiro que poidan realizar os distintos órganos de control a nivel autonómico, estatal ou comunitario, en particular ás verificacións previstas no artigo 74 do RDC, as auditorías do organismo de auditoría do programa Galicia Feder 2021-2027 ou das distintas instancias comunitarias de control sobre os fondos europeos, e achegarán canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Para tal fin, garantirase que todos os documentos xustificativos da operación se conserven durante un prazo de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que se lle efectúe o último pagamento á persoa beneficiaria (artigo 82 RDC).

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco desta convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx


XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Artigo 37. *Comprobación de subvencións*

1. O Igape comprobará a axeitada xustificación da subvención e, se é o caso, do préstamo, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute deles.

O prazo para a comprobación material de facturas e xustificantes de investimento será de cinco anos a partir do 31 de decembro do ano en que o Igape lle efectúe o último pagamento á persoa beneficiaria, de acordo co disposto no artigo 82.1 do Regulamento (UE) 2021/1060.

2. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será de aplicación o establecido no artigo 60.2 do Decreto 11/2009.

3. Para todo o non previsto nos puntos anteriores será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007 e nos artigos 57 e seguintes do seu regulamento.

Artigo 38. *Transparencia e bo goberno*

1. Respecto das axudas concedidas, deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias da subvencións están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 39. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase a seguinte normativa:

a) Regulamento (UE) 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE L 187, do 26 de xuño).

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

b) Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo Plus, ao Fonde de Cohesión, ao Fondo de Transición Xusta e ao Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura, así como as normas financeiras para os ditos fondos e para o Fondo de Asilo, Migración e Integración, o Fondo de Seguridade Interior e o Instrumento de apoio financeiro á xestión de fronteiras e a política de visados (DOUE L 231, do 30 de xuño).

c) Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión (DOUE L 231, do 30 de xuño).

d) A normativa comunitaria de desenvolvemento dos citados regulamentos.

e) Mapa de España de axudas rexionais para o período 2022-2027, aprobado pola Comisión Europea o 17 de marzo de 2022.

f) Decreto 133/2002, do 11 de abril (DOG nº 78, do 23 de abril), modificado polos decretos 174/2007, do 6 de setembro (DOG nº 186, do 25 de setembro), e 45/2009, do 12 de febreiro (DOG nº 48, do 10 de marzo), e 155/2019, do 28 de novembro (DOG nº 234, do 10 de decembro), que habilita o Igape para conceder, no ámbito das súas funcións, préstamos ou créditos a favor de empresas.

g) Comunicación da Comisión relativa á revisión do método de fixación dos tipos de referencia e de actualización 2008/C 14/02 (DOCE do 19 de xaneiro).

h) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

i) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

j) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

k) Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

l) Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

m) No resto da normativa que resulte de aplicación.

ANEXO I

**Cadro de especificacións das modalidades de proxectos de investimento obxecto de solicitude de subvención ou de préstamo**

I.1. Proxectos de investimento empresarial xerais.

A) Tipoloxías, requisitos específicos e dimensión dos proxectos subvencionables.

A.1) Tipoloxía de proxectos subvencionables.

Serán subvencionables os investimentos en activos fixos que correspondan a unha das seguintes tiploxías:

– Creación dun novo establecemento.

– Ampliación de capacidade dun establecemento existente.

– Diversificación da producción dun establecemento existente en productos que anteriormente non se producían nel.

– Cambio fundamental no proceso global de produción do produto ou produtos afectados polo investimento no establecemento.

A.2) Requisitos específicos da tipoloxía de proxecto.

1. Os proxectos de creación dun novo establecemento deberán responder a algunha das situacións seguintes:

– Creación dun primeiro establecemento.

– Creación dun novo establecemento noutra localización diferente ou por traslado con ampliación da capacidade produtiva.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhhswjlo5

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

2. Nos proxectos de diversificación da produción dun establecemento existente en produtos que anteriormente non se producían nel, o investimento subvencionable deberá superar o 200 % do valor neto contable dos activos que se reutilizan, de acordo cos rexistros do balance de situación das contas anuais correspondentes ao último exercicio económico pechado na data de presentación da solicitude.

3. Os proxectos de cambio fundamental no proceso global de producción suporán a implementación dunha innovación no proceso global de produción que impliquen o uso por primeira vez de métodos de organización que inclúan melloras nas rutinas e procedementos de xestión do traballo, dos sistemas de produción ou a integración de áreas funcionais da empresa.

A.3) Dimensión do proxecto de investimento.

Os proxectos desta tipoloxía para os cales se solicita a axuda deberán ter un importe de investimento subvencionable igual ou superior a 50.000 € e non superior a 900.000 €.

B) Actividades subvencionables.

Serán subvencionables os proxectos para o desenvolvemento das seguintes actividades:

| CNAE 2009 | Descrición | Observacións |
|---|---|---|
| 08. | Outras industrias extractivas | |
| 09. | Actividades de apoio ás industrias extractivas | |
| 10. | Industria da alimentación | |
| 11. | Fabricación de bebidas | |
| 13. | Industria téxtil | |
| 14. | Confección de pezas de vestir | |
| 15. | Industria do coiro e do calzado | |
| 16. | Industria da madeira e da cortiza, agás mobles, cestaría e espartaría | |
| 17. | Industria do papel | |
| 18. | Artes gráficas e reprodución de soportes gravados | |
| 20. | Industria química | |
| 21. | Fabricación de produtos farmacéuticos | |
| 22. | Fabricación de produtos de caucho e plásticos | |
| 23. | Fabricación doutros produtos minerais non metálicos | |
| 25. | Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento | |
| 26. | Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos | |

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

| CNAE 2009 | Descrición | Observacións |
|---|---|---|
| 27. | Fabricación de material e equipamento eléctrico | |
| 28. | Fabricación de maquinaria e equipo n.c.n.p | |
| 29. | Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques | |
| 30. | Fabricación doutro material de transporte | |
| 31. | Fabricación de mobles | |
| 32. | Outras industrias manufactureiras | |
| 33. | Reparación e instalación de maquinaria e equipamento | |
| 38.2 | Tratamento e eliminación de residuos | |
| 38.31 | Separación e clasificación de materiais | |
| 38.32 | Valorización de materiais xa clasificados | |
| 45.2 | Mantemento e reparación de vehículos de motor | |
| 45.4 | Venda, mantemento e reparación de motocicletas e dos seus recambios e accesorios | Soamente mantemento e reparación. Exclúese a venda. |
| 52.10 | Depósito e almacenamento | |
| 52.24 | Manipulación de mercadorías | |
| 59. | Actividades cinematográficas, de vídeo e programas de televisión, gravación de son e edición musical | |
| 61. | Telecomunicacións | |
| 71.20 | Ensaios e análises técnicas | |
| 77.31 | Alugamento de maquinaria e equipamento de uso agrícola | Soamente maquinaria e equipamento de uso forestal. |
| 77.32 | Alugamento de maquinaria e equipamento para a construción e enxeñaría civil | |
| 77.39 | Alugamento doutra maquinaria, equipamentos e bens tanxibles n.c.n. | Soamente motores, turbinas, máquinas ferramenta, equipamentos de extracción mineira, equipamentos de radio, televisión e comunicación, equipamentos profesionais de produción cinematográfica, equipamentos de medición e control e outra maquinaria de uso industrial. |
| 82.92 | Actividades de envasado e empaquetado | |

C) Conceptos de investimento subvencionables.

C.1) Serán subvencionables os seguintes conceptos de investimento:

1. Obra civil e outros conceptos inmobiliarios:

a) Nova construcción, reforma ou rehabilitación de instalacións levadas a cabo en inmobles ou terreos propiedade da persoa solicitante, ou sobre os cales a persoa solicitante

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

XUNTA DE GALICIA ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

teña un dereito de superficie ou unha concesión administrativa –outorgados por persoas ou entidades non vinculadas á persoa solicitante–, cunha vixencia mínima de 5 anos contados desde a data de finalización do proxecto establecida na resolución ou acordo de concesión.

O límite de custo subvencionable por cada concepto de investimento de obra civil nova incluído na solicitude de axuda será o que resulte da aplicación dos seguintes módulos:

| Concepto | Valor do módulo |
|---|---|
| Acondicionamento e urbanización[1] | 36 €/m$^2$ |
| Aparcadoiros externos | 36 €/m$^2$ |
| Aparcadoiros situados no edificio | 252 €/m$^2$ |
| Nave de uso industrial[2] distinta de nave frigorífica | 252 €/m$^2$ |
| Nave frigorífica | 315 €/m$^2$ |
| Oficinas, laboratorios e zonas comúns en naves de uso industrial | 303 €/m$^2$ |
| Edificios distintos das naves de uso industrial[3] | 730 €/m$^2$ |

[1] A superficie considerada subvencionable por este concepto, nos casos en que exista construción de inmoble, será a menor das dúas seguintes:

– 5 veces a superficie construída en planta baixa.

– A superficie da parcela non construída.

[2] Espazos ou construcións habilitados para a produción, manufactura, almacenaxe e distribución, entre outros.

[3] Espazos ou construcións característicos das actividades de servizos que non estean situados en naves de uso industrial.

O límite de custo subvencionable por cada concepto de investimento de obra civil en reforma ou rehabilitación será o que resulte da aplicación dos módulos anteriores multiplicados por 0,60.

b) Reformas de instalacións levadas a cabo en inmobles alugados por persoa ou entidade non vinculada coa persoa solicitante. O arrendamento deberá ter unha vixencia mínima de 5 anos, contados desde a data de finalización do proxecto que figure na resolución ou acordo de concesión. O límite de custo subvencionable por cada concepto de investimento da reforma será o que resulte da aplicación dos módulos detallados no punto anterior multiplicados por 0,60.

c) Adquisición de edificacións ou construcións novas ou usadas. O prezo de adquisición non poderá superar o valor de mercado. O importe da construción que poderá considerarse subvencionable será o menor entre o importe indicado no informe de taxación e o valor

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

de adquisición. No caso de adquisición de edificacións ou construcións usadas, ademais, estas non poderán ter sido obxecto de ningunha subvención autonómica, nacional ou comunitaria.

d) Nos casos de construcións por cambio de localización dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, o custo subvencionable máximo será o que resulte da diferenza entre o prezo de adquisición dos novos activos, unha vez aplicados os módulos e criterios recollidos no punto anterior, e o valor dos da antiga localización, segundo informe de taxación subscrito por sociedade de taxación homologada, sempre e cando as instalacións que se abandonen sexan propiedade da persoa solicitante ou dos seus socios maioritarios, directa ou indirectamente.

Se dentro do prazo de execución do proxecto ou do de mantemento dos investimentos establecidos na resolución ou acordo de concesión fosen alleadas as instalacións da antiga localización da persoa solicitante, e o importe neto da venda resultase superior ao da taxación homologada que se tivo en conta para os efectos do cálculo da subvención, deberá notificárselle ao Igape tan pronto como se produza a transmisión e realizarase ao reaxuste do importe da subvención concedida.

A obra civil debe ser executada e facturada por terceiros. Non será subvencionable a adquisición de materiais de obra directamente pola persoa solicitante.

2. Bens de equipamento: maquinaria de proceso, instalacións específicas para a actividade subvencionable, utensilios (incluídos os moldes, modelos e cuños), equipamentos e medios de transporte interno, vehículos especiais de transporte externo, medios de protección do ambiente e outros bens de equipamento.

En ningún caso terán a consideración de bens de equipamento as obras necesarias para a súa instalación.

3. Outros investimentos en activos fixos: mobiliario, equipamentos para procesos de información e envases ou embalaxes que, polas súas características, deban considerarse como inmobilizado.

4. Aplicacións informáticas directamente vinculadadas co proceso produtivo que cumpran os seguintes requisitos:

– Utilización exclusiva no establecemento beneficiario da axuda.

– Ser amortizables.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

– Adquisición en condicións de mercado a terceiros non vinculados co comprador.

– Deben formar parte do activo da empresa e permanecer vinculados ao proxecto subvencionado durante, polo menos, 3 anos.

5. Adquisición de activos dun establecemento.

A adquisición de activos pertencentes a un establecemento que pechou ou que pecharía se non se adquirise será subvencionable sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

– Que os activos sexan adquiridos a un terceiro non relacionado co comprador;

– que conste unha declaración do vendedor sobre a orixe dos bens e sobre que estes non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria, e

– que o prezo non sexa superior ao valor de mercado de referencia nin ao custo dos bens novos similares, aspectos que se acreditarán mediante informe de taxación subscrito por sociedade de taxación homologada.

Cando un membro da familia do/da propietario/a inicial ou un/unha empregado/a se faga cargo dunha pequena empresa para continuar coa actividade, non se aplicará a condición de que os activos deban ser adquiridos a terceiros non relacionados co comprador. A mera adquisición das accións dunha empresa non constituirá un investimento.

C.2) Os proxectos deberán acadar a seguinte simetría entre o investimento infraestrutural (obra civil e outros conceptos inmobiliarios), que denominaremos «O», e o investimento subvencionable en bens de equipamento, que denominaremos «M». O importe que se subvencionará no conxunto de investimento «O» será, como máximo, do triplo de «M».

En calquera caso, non se considerarán subvencionables bens suntuarios ou que teñan un custo moi superior a outros similares que cumpran a mesma funcionalidade.

D) Contía da axuda.

A contía da axuda será o resultado de multiplicar o investimento subvencionable pola porcentaxe de subvención, que será a suma das porcentaxes obtidas na baremación dos seguintes criterios:

| Criterio | Microempresa | Pequena empresa | Mediana empresa |
|---|---|---|---|
| 1. Tamaño da empresa | 24 % | 24 % | 15 % |
| 2. Mantemento do emprego[1] | 3 % | 3 % | 3 % |

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

| Criterio | Microempresa | Pequena empresa | Mediana empresa |
|---|---|---|---|
| 3. Creación de emprego na Comunidade Autónoma de Galicia[2]:<br>– Por cada posto de traballo que van ocupar persoas con discapacidade[3]<br>– Por cada posto de traballo distinto do anterior<br>Puntuación máxima para o criterio[4] | <br>3 %<br>1,5 %<br>3 % | <br>2 %<br>1 %<br>3 % | <br>1 %<br>0,5 %<br>2 % |
| 4. Achega de certificación ambiental relacionada cos obxectivos do Pacto verde europeo[5] | 3 % | 3 % | 3 % |
| 5. Proxectos localizados nun concello declarado como concello emprendedor | 2 % | 2 % | 2 % |

[1] Determinarase con base á cifra de traballadores con contrato indefinido na data de presentación da solicitude da axuda (estrutura fixa de persoal da empresa), de acordo coa información obtida do informe de vida laboral da empresa.

[2] Determinarase con base no compromiso de creación neta de postos de traballo de carácter indefinido na Comunidade Autónoma de Galicia e durante o prazo de execución do proxecto.

[3] Considéranse persoas con discapacidade as que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 % recoñedido polo órgano competente.

[4] No caso dos novos establecementos en que non exista emprego que manter e, polo tanto, a puntuación do criterio 2 da táboa anterior sería igual a cero, a puntuación máxima para o criterio 3 de creación de emprego elevaríase ao 6 % no caso das microempresas e pequenas empresas, e ao 5 % no caso das medianas empresas.

[5] Certificacións de xestión ambiental global, economía circular, eficiciencia enerxética, redución de emisións, entre outras. No caso de empresas de nova creación, poderán achegar compromiso de obtención da certificación dentro do prazo de execución do proxecto.

Para estes efectos de mantemento e creación de emprego, computarase como 1 posto de traballo o derivado de contratos de carácter indefinido a tempo completo. No caso de contratos a tempo parcial, computarase a equivalencia correspondente da xornada efectiva respecto á xornada completa.

En todo caso, a porcentaxe de subvención resultante non excederá o 35 % no caso das microempresas e pequenas empresas e de 25 % no caso das medianas empresas.

E) Documentación complementaria para presentar xunto coa solicitude de subvención ou de préstamo.

E.1) Documentación do expediente administrativo:

1. Certificado de situación censual expedido pola AEAT e/ou, no caso de novas actividades ou novos establecementos, compromiso de alta no IAE dentro do período de execución do proxecto.

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5

2. Documentación xurídica da personalidade da solicitante:

a) Para sociedades ou entidades xa constituídas:

Escritura ou documento xuridicamente válido de constitución, estatutos debidamente inscritos no rexistro competente, modificacións posteriores destes e acreditación da representación con que se actúa, no caso de entidades non inscritas no Rexistro Mercantil. No caso de agrupacións, referirase ao representante ou apoderado único da agrupación.

No caso de sociedades inscritas no Rexisto Mercantil, poderá solicitarse, motivadamente, algunha ou algunhas das escrituras referidas no parágrafo anterior cando a información obtida do Rexistro Mercantil non resulte suficiente para concluír sobre a personalidade da sociedade ou da súa representación.

b) Para sociedades en constitución:

Certificado do Rexistro Xeral de Sociedades Mercantís da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza, ou do rexistro competente, de non figurar inscrita a futura denominación social da entidade que se vai constituír.

Proxecto de estatutos da sociedade.

Nestes casos deberá acreditarse a válida constitución da sociedade con anterioridade á emisión da proposta de resolución. Para tal fin, a documentación establecida na letra a) anterior deberá ser presentada no Igape con anterioridade á resolución do expediente. Se non fose presentada, de oficio ou logo de requirimento para a súa emenda no prazo de dez días, o Igape arquivará o expediente.

3. Memoria descritiva do investimento proxectado, que deberá ser cuberta no formulario electrónico da solicitude.

4. No caso de entidades obrigadas a formular e aprobar contas anuais, contas anuais correspondentes ao último exercicio pechado para o cal se cumpriu o prazo de aprobación legalmente establecido, ou de depósito, no caso de obriga de depósito no Rexistro Mercantil, xunto co informe de auditoría no caso de que a empresa estea obrigada a someter as súas contas a auditoría. Así mesmo, no caso de que a solicitante estea integrada nun grupo de sociedades que consolide contas, achegará as contas anuais consolidadas.


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

Achegaranse, igualmente, as contas anuais de todas as entidades que deban ser tidas en conta para os efectos de determinar a consideración ou non de peme da entidade solicitante, salvo que estas estean integradas nas contas consolidadas que, se é o caso, fosen presentadas.

5. No caso de investimentos de diversificación da produción en establecementos existentes con reutilización de activos, deberán achegar o inventario de inmobilizado que serviu de base para a formulación das contas anuais correspondentes ao último exercicio económico pechado, con indicación, para cada elemento do inventario, da data de adquisición ou incorporación, valor ou coste de adquisición, importe da amortización acumulada na data do inventario e, se é o caso, doutras depreciacións por perda de valor, así como o valor neto contable na data do inventario.

Así mesmo, deberá achegar un informe dun experto independente colexiado que indique os activos do inventario que se pretende reutilizar, os cales deberán figuran identificados no inventario de inmobilizado.

No caso de investimentos de diversificación da produción en establecementos existentes sen reutilización de activos, deberán presentar unha declaración responsable nese sentido.

6. Declaración da condición de peme, que se cubrirá no formulario electrónico de solicitude con datos das contas anuais do último exercicio pechado na data da solicitude.

7. En relación coa declaración doutras axudas para o mesmo proxecto, cando teña axudas concedidas, deberá achegar copia das resolucións destas.

8. Declaración de cumprimento cos prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, que se cubrirá no formulario electrónico de solicitude, e acreditación do devandito cumprimento con:

a) No caso das sociedades que, de acordo coa normativa contable, poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada, a través dunha declaración responsable.

b) Para as sociedades que, de acordo coa normativa contable, non poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada, mediante certificado emitido por auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas:

1º. Para o caso en que as contas anuais auditadas de 2022 e exercicios posteriores xa reflictan a nova información requirida pola disposición adicional terceira da Lei 15/2010,

CVE-DOG: 3vrtzns6-a3b2-aya7-mvh2-qlhbhswjlo5


ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia

